

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA
23 DE DECEMBRO DE 2006.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Isabel Blanco Pico.
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.
Non asiste D^a Rita M^a Couto Seijido.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e tres de Decembro de dous mil seis, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste a Concelleira D^a Rita M^a Couto Seijido.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés.

Asiste á sesión, a interventora do Concello D^a Águeda Bello Valdés, e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PSdeG-PSOE E EU-IU
CON MOTIVO DE DECLARACIÓN DE 2006 COMO ANO DA MEMORIA.-**

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta o seguinte:

“Señores e señoras membros dos grupos municipais, autoridades, representantes do movemento asociativo, veciños e veciñas

Dicía Cortázar que “a lembranza é o idioma dos sentimentos”.

Dende esa lingua, dende o idioma do sentimento, comezo esta sesión extraordinaria da corporación municipal coa mesma solemnidade das notas do “Himno de Riego”, himno do réxime lexítimo no Fene de 1931-1936, invocando os nomes de José Pita Cortés, José Agrás

Gómez, Ramón Souto González, alcaldes de Fene. Robustiano Varela Grande, Andrés Iglesias Garrote, Ángel Nicanor González Fontela, Juan Vila Anca, José García Feal, Juan Teijeiro Lourido, Lisardo Gómez, Eladio Ballester Barros, Eugenio Casal Pita, José Pita Pita, Jesús Cernadas Veloso, Eduardo Barcia Rodríguez e Enrique Garabana Picos, concelleiros legal e democraticamente elixidos polos veciños e veciñas de Fene. José Tenreiro Prim, secretario municipal.

Por dignidade como persoas, como concelleiros e concelleiras e por sentimento de país era de xustiza rehabilitar institucional, moral, xurídica e persoalmente a quen pagaron coa súa vida, sufriron a represión e tiveron que aturar inxurias e difamacións exercer aqueles cargos públicos para os que lexitimamente foron elixidos polos veciños e veciñas de Fene.

Se hai vinteito anos tiña a grande honra de presidir a primeira corporación democrática trala “longa noite de pedra”, hoxe síntome fondamente orgulloso de estar aquí, con todos vós, presidindo este acto de xustiza.

Un pleno cun único punto na orde do día, a moción que subscriben os grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e EU-IU presentada eb data 19 de Decembro de 2006, (entrada rexistro número 7917), e da que pasa a dar lectura tal e como figura transcrita:

“Con motivo da **DECLARACIÓN DE 2006 COMO ANO DA MEMORIA**, os Grupos Municipais do BNG, do PS^{de}G PSOE e de EU-IU, ao abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai 75 anos que se proclamou a II República Española, o primeiro réxime realmente democrático na nosa historia. A Constitución de 1931 foi tamén a primeira que abordou o recoñecemento de dereitos sociais e económicos, ademais de ser tamén a primeira que recoñeceu o dereito ó autogoberno a pobos como o galego. As prioridades da República foron a mellora das condicións laborais dos/as traballadores/as, especialmente no campo; o recoñecemento da pluralidade cultural e política do país; e, especialmente a reforma educativa, creando milleiros de escolas, as misións pedagóxicas...

O golpe de estado de 1936 e a posterior represión marcaron definitivamente a Historia de Galiza e de España. Gran parte dos protagonistas da vida cultural, política e social do noso país foron forzados ao silencio, ao exilio, á cadea ou fusilados.

Malia a súa importancia, o coñecemento que temos desta época segue a ser escaso. No 70 aniversario do inicio da represión, a Consellería de Cultura e Deporte, xunto co Congreso dos Deputados, declarou este ano 2006 ao *Ano da Memoria* e o Concello de Fene sumouse a esta iniciativa que pretendía investigar de forma rigorosa e sistemática a represión; divulgar unha época na que miles de persoas sufriron por mor das súas ideas políticas; e, sobre todo, homenaxear o labor de todas as persoas que sufriron represión, moitas das cales aínda hoxe están no silencio.

No Concello de Fene moitos veciños, xunto con varios dos concelleiros que formaron parte das corporacións municipais republicanas, foron detidos, torturados ou asasinados polos sublevados logo do golpe de estado de xullo de 1936. En total, máis de 70 veciños de Fene perderon a vida a mans dos golpistas nos primeiros meses da rebelión contra a República.

Ademais de padecer persecución e represión física, estendida en numerosas ocasións ás súas familias e amigos, varios políticos locais feneses e algúns funcionarios, foron vítimas por parte das novas autoridades, unha vez asentada xa a dictadura, de todo tipo de acusacións e imputacións infundadas co único obxectivo de denigrar a súa imaxe e de poñer en dúbida a súa honra, pretendendo así, denigrar o seu traballo a prol da liberdade e a democracia e ocultalo para sempre.

Fronte a isto, hai un camiño que comezou no ano 1977, de nós depende axudar a culminar ese proceso, de forma pausada e conciliadora, desde o respecto e a obxectividade, por un futuro mellor, sen feridas para as vindeiras xeracións.

Polo tanto e de acordo con todo o sinalado anteriormente.

Os Grupos Municipais do BNG, do PS^{de}G PSOE e de EU-IU propoñen ó pleno a adocción do seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Fene recoñece a legalidade e lexitimidade democrática das corporacións municipais que rexeron o noso municipio no período da II República, o precedente máis inmediato na nosa historia dos valores de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político, democracia en definitiva, nos que se sustenta o actual estado social e democrático de dereito.
2. A Corporación Municipal de Fene condena enerxicamente o golpe de estado de 1936 contra o goberno democrático da II República, a posterior guerra civil provocada por esta sublevación militar e o réxime ditatorial e fascista que, como resultado da mesma, se impuxo en España entre 1939 e 1975. E, por suposto, condena tamén as múltiples formas de represión, tortura e asasinato ás que o Franquismo condenou a milleiros de cidadáns e cidadás.
3. Este Concello Pleno identifícase totalmente coa declaración por parte do Congreso dos Deputados e da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia de 2006 como Ano da Memoria. Así, amosa o seu rexeitamento xeral a todos cantos acordos e accións adoptaron as corporacións franquistas de Fene co obxectivo de difamar, acusar sen probas e, en definitiva, estigmatizar e condenar socialmente ós concelleiros e alcaldes das corporacións republicanas, lexítimos representantes da soberanía popular, así como a outros moitos cidadáns/ás que sen responsabilidades institucionais loitaron pola defensa da democracia e o dereito de Galiza ao seu propio autogoberno.

Concretamente, **o Pleno do Concello de Fene revoca os acordos plenarios que se relacionan de seguido:**

- Sesión Ordinaria do día 1 de marzo, correspondente ó 28 de febreiro de 1937, polo que se inicia expediente contra **Manuel Gómez Pita, apoderado do Concello de Fene, e José Agras Gómez e demais concelleiros acusándoos de apropiarse de fondos municipais**, cando xa foran asasinados a maioría deles, que transcrito literalmente di o seguinte:

[...] Se acuerda por unanimidad declarar responsable a dicho D. Manuel Gómez Pita de la referida cantidad de cuatro mil ciento veinte pesetas treinta y siete céntimos y que efectúe el ingreso de las mismas en el plazo de cuarenta y un días contados desde el acto de notificación del presente acuerdo y que pasado el cual sin efectuar tal ingreso se de cuenta del mismo a los tribunales ordinarios por retención indebida

de fondos a cuyo efecto se faculta al Sr. Alcalde para que en nombre de la corporación dirija las acciones civiles y criminales procedentes en defensa del Ayuntamiento y persecución de los delitos cometidos contra el mismo.

[...] Se acuerda por unanimidad iniciar expediente contra D. José Agras y demás concejales que fueron de este ayuntamiento desde el año 1934 hasta julio de 1936, requiriendo a todos para que puedan ver el expediente tramitado contra el expresado D. Manuel Gómez Pita y manifiesten lo que tengan por consiguiente y justifiquen la inversión que pudieron haber dado a la expresada cantidad de cuatro mil ciento veinte pesetas percibida por el dicho D. José Agras para después resolver en consecuencia.

- Sesión Ordinaria do día 15 de xullo de 1937, polo que se resolve o expediente tramitado **contra Manuel Gómez Pita, apoderado do Concello de Fene, e José Agras Gómez e demais concelleiros declarándoos responsables de apropiarse de fondos municipais**, que transcrito literalmente di o seguinte:

[...] Por el Sr. Alcalde se dio cuenta del expediente tramitado contra los seis concejales del Ayuntamiento desde 1932 hasta mediados de julio de 1936 [...] de cuyo expediente se dio cuenta a todos los que ejercieron el cargo de concejales en la época expresada, sin que ninguno de los cuales compareciera en este ayuntamiento para alegar en pro o en contra lo que tuvieran por consecuente, lo que vino a demostrar la conformidad de todos en el asunto y la participación o culpabilidad que cada uno de los cuales pudiera haber tenido en el no ingreso de la expresada cantidad en la caja de fondos municipales.

[...] Se acuerda por unanimidad declarar responsables a los Srs. D. Ramón Souto González, D. Andrés Iglesias Garrote, D. Eduardo Barcia Rodríguez, D. Jesús Cernada Veloso, D. Juan Vila Anca, D. José García Feal, D. Eladio Ballester Barros, D. José Pita Pita, D. Eugenio Casal Pita, D. José Pita Cortés, D. Juan Tenreiro Lourido, D. Ángel Nicanor González Fontela y D. Robustiano Varela Grande para que, mancomunada y subsidiariamente, reintegren la cantidad de cuatro mil ciento veinte pesetas.

- Sesión Ordinaria de día 15 de Xuño de 1939, polo que se **nomea ó ditador Francisco Franco Baamonde “Alcalde Honorario do Concello de Fene”**, que transcrito literalmente di o seguinte:

[...] Teniendo en cuenta que el día 21 del actual el Generalísimo y Caudillo de España, Excmo. Sr. D. Francisco Franco Baamonde, pasará por este ayuntamiento para su residencia al Pazo de Meirás, la corporación por unanimidad acordó que en la carretera general se levanten arcos de triunfo [...] a fin de que resulte lo más brillante, contribuyendo así al homenaje que el Pueblo de Fene ha de rendir al Salvador de la Patria.

También por unanimidad se acordó nombrar Alcalde Honorario de este ayuntamiento al Generalísimo de los Ejércitos y Jefe de Estado, Excmo. Sr. D. Francisco Franco Baamonde.

4. Conscientes de que a recuperación da nosa memoria é un traballo que require apoio e constancia, o Concello de Fene, como xa o ven facendo, seguirá a **organizar diversas actividades destinadas á recuperación da memoria histórica municipal** cunha finalidade fundamentalmente divulgativa, poñendo especial fincapé na restitución da honra daqueles cidadáns e cidadás do municipio, con ou sen responsabilidades

políticas, que loitaron física ou intelectualmente a prol da democracia entre 1931 e 1978.

5. Tal e como xa se ten acordado na Xunta de Voceiros e na Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo, dando así cumprimento á moción que neste mesmo senso aprobou o pleno do Concello de Fene en 1998, esta corporación acorda **darlle ás novas rúas e prazas que xurdan como resultado da urbanización e desenvolvemento da A.P.E. 11 en Centieiras** (Perlío) o nome de Ramón Souto González, Alcalde de Fene en Funcións en xullo de 1936, Andrés Iglesias Garrote e José Agras Gómez, Tenentes de Alcalde, José Pita Pita, Eduardo Barcia Rodríguez e Eugenio Casal Vila, concelleiros, e Jesús Tenreiro Prim, Secretario da Corporación; todos eles fusilados entre agosto e outubro de 1936.
6. O Concello Pleno de Fene acorda iniciar os trámites necesarios para **nomear a Ramón Souto González e Jesús Tenreiro Prim, Alcalde en Funcións e Secretario de Fene en 1936, respectivamente, Fillos Predilectos de Fene**, en representación dos edís, funcionarios e veciños e veciñas do noso concello que, defendendo a legalidade republicana, en definitiva, a liberdade, a democracia e o autogoberno foron perseguidos, torturados e/ou asasinados pola dictadura franquista.”

O Sr. Alcalde sinala que a continuación van ter a palabra os catro representantes dos grupos que forman a Corporación.

Acto seguido intervén o Sr. Puentes Rivera quen, manifesta o seguinte:

“Moitas grazas, Alcalde!

Concelleiros e concelleiras, veciños e veciñas, moi bos días! Hoxe é un día feliz, unha xornada que será histórica no noso concello e que espero que sirva de exemplo para outros moitos concellos de Galicia cunha historia similar á nosa, porque hoxe, 75 anos despois da proclamación da II República e 70 despois do seu trágico final, o pobo de Fene lembra o traballo e o compromiso dalgúns dos seus veciños máis sobresaíntes, ós que quizais máis lle debe a nosa sociedade, pero tamén desgraciadamente quizais dos máis esquecidos.

En 1936 seis concelleiros de Fene, xunto co Secretario Municipal, foron asasinados polos franquistas. Pero non son os únicos, máis de 70 veciños e veciñas correron a mesma sorte e máis dun cento feneses foron represaliados, perseguidos ou obrigados a marchar do seu país ¿Por que? Por crer nunha sociedade mellor, por defender a paz, a liberdade e a democracia. Un traballo que, sen dúbida, merece ser recordado.

Recordar, recuperar a nosa memoria histórica, non é revisar ou reescribir a historia, non é falar de vencedores nin vencidos, nin siquiera de bos e malos, non é tampouco axustar contas, nin buscar ningún tipo de revanchismo, nin abrir vellas feridas. Recuperar a nosa memoria é introducir na historia a unha parte da nosa sociedade que foi deixada fóra dela, e dignificar o labor de veciños e veciñas que traballaron por todos nos, é abandonar os nosos medos e os nosos complexos e sentirnos orgullosos do noso pasado.

Hai quen di que o mellor é esquecer e non abrir vellas feridas, pero as feridas só se pechan cando se curan e a ferida da guerra civil e da ditadura non se poderá curar mentres sigamos tendo a milleiros de familias preguntándose despois de 70 anos onde están os seus parentes; e non se poderá curar mentres seguimos tendo complexo de defender a liberdade e a democracia, mentres miles de historias anónimas sobre a crueldade que viviu este país durante 40 anos de ditadura sigan silenciadas en centos de fosas comúns espalladas por todo o país.

E quero lervos, porque así mo pediron elas, unhas poucas palabras que me fixeron chegar María Iglesias e Paloma Díaz Iglesias, neta e bisneta, respectivamente, de Andrés Iglesias Garrote, Tenente de Alcalde de Fene en 1936 e fusilado o 16 de agosto dese ano. O texto é o seguinte: *“Gustaríanos que agradeceran a tódolos grupos municipais en nome da familia Iglesias Garrote que residimos actualmente en Asturias, todo o que estades a facer en Fene por recuperar a memoria histórica de tantas familias como a nosa. Un sempre se alegra de ter antepasados, de saber de onde ven, de saber que tivo unha familia e que traballou por ter unha sociedade libre e unha sociedade democrática, iso sempre reafirma a nosa identidade”*.

Por iso recordar non é abrir feridas, recordar é pechalas, é situar, cando menos, ós vencidos na mesma posición da que gozan os vencedores daquela cruel guerra dende hai moitos anos, é sentirse orgullosos do noso pasado e é, en definitiva, ser xustos.

A inxustiza é inherente á historia da humanidade, pero os/as cidadáns/ás temos o deber moral de corríxila ou, cando menos, paliála na medida das nosas posibilidades. Sempre entendín a historia da II República como o relato dunha gran inxustiza; non se pode nomear doutro xeito a obras dun país que nos anos 30, en medio dun mundo convulso, decidiu apostar pola liberdade e a democracia, un soño de cinco anos rebentado, esnaquizado, polos defensores do inmovilismo e do sometemento persoal.

Fene tamén creu entre 1931 e 1936 que outro mundo era posible; unha sociedade “democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza”, tal e como reza o artigo 1º da Constitución de 1931. Con esa ambición, varios veciños asumiron as responsabilidades de concelleiros e constituíron as diferentes corporacións municipais de Fene. Concelleiros e Alcaldes especialmente activos no terreo cultural e educativo, que pretenderon achegar a modernidade e a vangarda ó noso concello e que entregaron literalmente a súa vida a esta causa.

Díxome nunha ocasión un compañeiro de Partido que, fronte á vella dicotomía socialista entre reforma ou revolución, o importante son as reformas revolucionarias, é dicir, aquelas reformas que se fan tan ben que, pase o que pase, é xa imposible desfacelas. A II República é un bo exemplo, durou como tal só cinco anos, pero 75 anos despois o modelo de sociedade e de estado que creou segue máis vivo que nunca. Corenta anos de fascismo franquista non foron quen de derrubar a reforma revolucionaria que o pobo español iniciou democraticamente o 12 de abril de 1931 e, así, trala morte do ditador España retoma o camiño democrático e dótase dunha constitución moi similar á republicana.

A historia, anonimamente, fíxolle xustiza ós nosos concelleiros, cumprindo con 40 anos de atraso o soño da sociedade democrática pola que loitaron, pero non é suficiente. Debemos facer que se coñezan os seus nomes, as súas historias particulares, as súas obras... porque eles son os heroes do noso país, as persoas ás que debemos a nosa liberdade actual e por tal motivo non poden esmorecer no anonimato, na vergoña do esquecemento.

Por iso, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE vai votar a favor da moción que hoxe sometemos á consideración deste pleno, xunto cos grupos municipais do BNG e de Esquerda Unida, ós que en nome do Grupo Socialista agradezo sinceramente que fixeran súa esta iniciativa do PSOE e hoxe sexa o Concello de Fene e os tres partidos que representan á inmensa maioría dos seus veciños os que institucionalmente dignifiquen o traballo dos nosos concelleiros republicanos.

Por iso votaremos a favor de que se anulen os acordos plenarios que acusan a eses concelleiros, cando xa levaban practicamente un ano enterrados nunha fosa común, de roubar cartos municipais.

E, por suposto, votaremos a favor de retirar a distinción de Alcalde Honorario de Fene a Francisco Franco. Hai que defender a permanencia destas distincións apelando a que é historia. Efectivamente, e afortunadamente, Franco é historia, e a historia está para ser coñecida e, no caso de historias negras como a da ditadura franquista, está para non ser repetida. Pero as distincións oficiais dunha institución como o Concello de Fene están para dignificar, para agradecer e para recoñecer publicamente o labor de persoas que traballaron en positivo por este pobo e polos seus veciños. Algo que dende logo non fixo o ditador Francisco Franco, responsable do asasinato, persecución e tortura de centos de feneses e fenesas.

Polo tanto, resulta humillante e, se se me permite, ata insultante, para calquera cidadán minimamente comprometido cos valores de liberdade e democracia, ter como máximo mandatario, aínda que sexa a título honorario, a un ditador como Franco. A partir de hoxe os veciños e veciñas de Fene só terán un Alcalde, aquel ó que democraticamente lle voten nunhas eleccións.

Por iso, en nome do Grupo Socialista, aos cidadáns/ás que votaron polas candidaturas republicanas en 1931, aos políticos/as de diferente ideoloxía que soñaron cun país mellor e o puxeron en práctica na II República, aos concelleiros de Fene, socialistas ou non, que crendo firmemente nas súas ideas deron a vida por elas, a todos/as os que mantiveron acesa a chama republicana da liberdade durante o Franquismo e a todos os que hoxe, moitas veces dende a soidade, seguen a traballar pola recuperación da memoria histórica e a dignificación dun réxime que implantou neste país a liberdade e a democracia das que gozamos actualmente, a todos eles e elas, grazas. É de xustiza.”

Seguidamente intervén a Sra. Blanco Pico quen, e manifesta o seguinte

“Non podemos compartir as afirmacións que se realizan de que a II República é o antecedente e senta as bases da sociedade democrática actual.

1.- Tal afirmación só é aplicable á Amnistía, Reforma Política, Transición e Constitución de 1978.

2.- Non existía liberdade para defender as ideas de cada un. A Lei de defensa da República establecía como actos de agresión no seu art. 1.6º.

A apoloxía do réxime monárquico ou das persoas en que se pretenda vincular a súa representación, e o uso de emblemas, insignias, ou distintivos alusivos a un ou outras.

O propio documento elaborado por Ramón Maíz recoñece que en Fene existiu esa persecución.

3.- No 1934 restablécese a pena de morte para certo tipo de delitos sen esquecer que a Lei de Defensa da República de 21 de outubro de 1931 foi unha lei mordaza: suspensión de periódicos, de dereitos individuais, confinamentos e sancións ata 10.000 pts.-

4º.- A Segunda República coincidiu cunha época de revoltas sociais e inestabilidade na cal e no seu nome cometéronse actos violentos, atropelos aos dereitos das persoas, persecución de relixiosos, queima de igrexas e catedrais, a expulsión de España dos membros da Compañía de Xesús tras decretar a súa disolución, os asasinatos de políticos como o galego Calvo sotelo

e unha innumerable lista de persoas de distintos estamentos sociais, sen esquecer a matanza de Casas Vellas con 23 campesinos mortos, ou a revolución de Asturias con 1.300 mortos e 3.000 feridos e a posterior represión.

5º.- Qué dicir da matanza de Paracuellos del Jarama onde se asasinó vilmente a mais de 5.000 persoas.

6º.- en definitiva a cronoloxía dos anos 1931 a 1936 está en INTERNET ao que hoxe a maioría pode acceder para comprobar os abusos e atropelos cometidos en nome da República.

Non podemos facer un revisionismo da historia nin facela dende un bando ou dende outro. As dúas españas, acabáronse en 1978.

A ninguén se lle escapa que durante e despois da guerra civil foron moitas as vítimas nos dous bandos e posteriormente na dictadura levouse a cabo a represión que consta nos libros de historia. Por tanto fagamos un xesto hacia a tolerancia e fuxamos de partidismos que xa nada poden facer por cambiar un episodio triste e vergonzoso da historia de España.

A reconciliación do 78 foi un xesto valente e arriscado pero que deu os seus froitos e boa proba diso é o que hoxe acontece. Non levemos ás institucións debates estériles segados, non fagamos da historia nosa verdade e fuxamos de calquera tipo de partidismo para que siga vivo o legado de 1978.

Tamén hoxe dende o partido Popular queremos neste Pleno honrar a memoria dos membros da Corporación de Fene fusilados no ano 1.936, porque para nosoutros nunca habrá xustificación nin perdón para aqueles que amparándose na defensa dun ideal ou dunha forma de concibir o mundo segan a vida dos seus semellantes. A morte dunha persoa non pode converterse en moeda de cambio para o logro de ideais que só se forman en mentes enfermas, delirantes e visionarias.

Por elo, dende este grupo municipal queremos render un emocionado e especial recordo para todos aqueles que coa súa vida puxeron os cimentos dunha sociedade mais xusta e democrática, e un especial recordo para o alcalde e concelleiros aos que hoxe rendemos homenaxe e para todos os veciños de Fene que deixaron a súa vida nunha guerra civil que nunca debeu existir.

En tódolos lugares do mundo nos que, nalgún momento, calquera réxime autoritario actuou contra a poboación civil para reprimir as súas liberdades e cercenar os seus dereitos sempre alzouse e alzarase a voz de aquelas persoas que fronte aos intolerantes manteñen e esgrimen a filosofía dunha frase, que dende o Partido Popular facemos nosa sen ningunha reserva, e que resume como ningunha a esencia da filosofía democrática: Non comparto as túas ideas pero daría a vida porque as puideras seguir defendendo.

Todo réxime que no pasado ou na actualidade teña privado, atacado ou limitado os dereitos individuais e colectivos das persoas debes ser acredor do mais profundo rexeitamento dos cidadáns, das institucións e de todos os países democráticos. Xamais debemos esquecer todos os episodios lamentables que xerou a guerra civil e o réxime franquista. O puntual e exacto coñecemento desa parte da historia faranos máis libres e tolerantes.

Dito o anterior queremos reafirmar a postura do Partido Popular respecto á tan traída e levada Memoria Histórica xa que entendemos que a transición democrática e a Constitución de 1978 cicatrizaron as feridas do pasado e dotaronos dunhas institucións democráticas que permitiron gozar de estabilidade e convivencia.

O exemplo de convivencia democrática xerado pola transición non se pode ver agora nin minimamente ensombrecido por leis que pretendan abrir feridas xa cicatrizadas. Non podemos esquecer que nesa etapa produciuse unha amnistía, que logo se aprobaron as reparacións económicas, entre tanto, os historiadores xa deixaron suficientemente claro o que sucedeu naquela triste etapa histórica.

Dende o goberno da nación argumentase que esta lei non vai en contra de ninguén e non é sectaria, pero dende o PP debemos engadir que xerou unha división total entre as distintas forzas políticas.

Esta iniciativa non naceu porque houbera unha demanda na sociedade española nin para proporcionar prestacións a persoas que xa as obtiveron por outras vías legais, senón que xurdiu como unha esixencia doutras forzas para dar o seu apoio parlamentario ao actual goberno a cambio dunha lei que revisara o pasado. O resultado xa o estamos a ver: de momento conseguiu enfrontar á sociedade, reabrir vellas feridas e exacerbar as posturas de todos os partidos políticos.

Parece que neste país nunca aprenderemos. Hoxe parece mais importante revisar a historia do franquismo que continuar sentando as bases dun estado nos permitiu a varias xeracións, vivir en democracia e liberdade. Si toda guerra carece de xustificación moito mais unha guerra civil na que, por circunstancias tan aleatorias e persoais como a residencia obrigou ao enfrontamento entre pais e fillos e entre irmáns.

Ninguén pode renunciar ao seu pasado e debe coñecelo de forma evidente para non repetilo. Todos, incluso os familiares mais achegados dos que hoxe elaboraron dita lei, participaron e colaborado co réxime que, por circunstancias da historia, tocoulle vivir.

A metade da poboación deste país non o ten coñecido e cremos que a outra, polo menos dende 1978, quere mirar ao futuro e deixar aos seus fillos unha sociedade mais xusta, proposta e democrática que a que lles tocou vivir.

Miremos ao futuro para tratar de progresar hacia unha sociedade mais avanzada e libre como a conseguida por outros países de larga tradición democrática cos que hoxe compartimos a Comunidade Económica Europea e deixemos que sexa a historia a que xulgue e poña a cada quen no seu sitio.

Por todo isto o Partido Popular abstense.”

A continuación intervén o Sr. Sánchez Martínez, e manifesta o seguinte:

“Amigos, amigas, veciños, veciñas, Concelleiros e Alcalde, un saúdo de Esquerda Unida. Este ano é o 75 aniversario da proclamación da república Española, nos como EU queren honrar aos centos de miles de homes e mulleres que deron a súa vida por defendela, sufriron prisión e exilio, foron expropiados das súas vivendas ou sufriron vexacións de todo tipo, por esto mesmo o seu grupo e Iniciativa per Catalunya propuxeron no ano 2005 que este ano 2006 fora proclamado ano da memoria histórica e afortunadamente o ano 2006 foi así declarado polo conxunto do Parlamento Español. No acto que aquí se celebra, EU rende homenaxe á Corporación Municipal Republicana de 1936, aos cinco concelleiros, ao secretario municipal e por extensión aos mais de setenta veciños e veciñas de Fene asasinados polo exército golpista de Franco. Para Esquerda Unida a tramitación de fillos predilectos de Fene a Ramón Souto González e Jesús Tenreiro Prin, Alcalde e Secretario respectivamente en representación dos edís, funcionarios e veciños do noso Concello, asasinados e represaliados por defender a

liberdade, a democracia e a legalidade republicana, é un acto de xustiza e unha débeda que todos os demócratas de Fene temos con eles. Os pobos debemos homenaxear aos nosos veciños honrados restituíndolles a memoria co respecto que se merecen, por iso EU apoian e acollen con satisfacción que as novas rúas e prazas da AP de Centieiras en Perlio leven os nomes de José Souto González, Alcalde, Andrés Iglesias Garrote e José Agrads Gómez, Tenentes de Alcalde, José Pita e Eduardo Barcia Rodríguez, Eugenio Casal Vila, Concelleiros e Jesús Tenreiro Prin, Secretario do concello, todos eles fusilados polos golpistas no período de Agosto a Outubro de 1936. Dende Esquerda Unida ven con satisfacción extraordinaria a revogación do acordo plenario do 15 de xuño de 1939 que nomeou ao dictador golpista Francisco Franco alcalde honorífico do noso concello, este cre que é unha acto de xustiza e pon a cada cal no seu lugar. Era un insulto para Fene e os seus veciños que quen asasinou ao Alcalde e aos Concelleiros democraticamente elixidos tivera ese título honorífico, hoxe borramos esa mancha.

Dende Esquerda Unida cremos que os pobos teñen o dereito e o deber de coñecer a súa verdadeira historia para non cometer os erros do pasado, este non é un acto de revanchismo como din algúns, simplemente persigue que non volvan a repetirse feitos similares, pois con frecuencia se ve que os pobos que esquecen ou descoñecen a súa historia están condenados a repetir a súa historia. As novas xeracións que naceron no actual réxime democrático deben coñecer tamén e saber que o que hoxe temos non foi sempre así, que durante corenta anos en España e Galicia sufriron un réxime de terror fascista, a expresión mais pura do terrorismo de estado, con leis arbitrarias, sen dereitos nin liberdades, onde centos de miles de persoas foron encarceradas, asasinadas e vexadas pola súa orientación sexual, polos seus pensamentos relixiosos, políticos ou sociais, por estes motivos dende Esquerda Unida cremos que é tan importante o recoñecemento e que os pobos coñezan a súa historia.

Continuando coa historia vemos que recentemente presentouse no Congreso dos Deputados un proxecto de memoria histórica, que isto ademais de chegar tarde é restrictivo e inxusto coas vítimas da dictadura, recordando casos similares a outros países que sufriron réximes terroristas dictatoriais como este, poñendo como exemplo a Alemania Nazi, lembremos que Alemania promulgou unha lei de derogación dos fallos inxustos nacionalsocialistas onde se anulaban tódalas sentencias infames e vexatorias dos tribunais hitlerianos; caso de Chile que vemos recentemente, a Presidente derogou a lei de amnistía do 78 por ser incompatible coa convención interamericana de dereitos humanos, cousa parecida se fixo en Arxentina coa derogación da lei de punto final. Dende EU ven que o proxecto de lei do actual goberno non declara a nulidade de pleno dereito das sentencias dictadas polo aparato ilegal represor franquista e isto ocasiona unha gran inxustiza para as vítimas. Citar que para solucionar estas deficiencias e esta serie de leis, EU rexistrou no Congreso dos Deputados un texto alternativo ao actual proxecto da memoria histórica que en síntese o resultante deste debe comprender como mínimo a anulación xeral dos xuízos da dictadura franquista e o concepto da memoria histórica debe ter un alcance colectivo e non individual.

Neste aspecto, Asociacións de represaliados, familiares de vítimas, organizacións sindicais, e algúns partidos políticos coinciden con eles en que o actual proxecto é insuficiente e non fai xustiza ás vítimas, e como moitas veces pasa, ven que o pobo é mais progresista e vai mais alá que nosos gobernantes. Esperan que o partido gobernante neste caso o PSOE rectifique e recolla as peticións dos cidadáns e das vítimas, e que dunha vez por todas o PP deixe de poñer trabas para o verdadeiro coñecemento da historia. Por toda esta serie de motivos, Esquerda Unida vai votar afirmativamente á moción que presentaron conxuntamente co PSOE e BNG. Un saúdo a todos.”

A continuación intervén o Sr. Permuy Martínez quen manifesta:

“Bos días a todos e todas. Reinvidicar a memoria histórica é unha necesidade fronte ao tabú de que hai que pasar páxina do pasado.

É esencial saber por qué pasaron as cousas, por qué foi posíbel un golpe de estado que deu paso a un período de tanta crueldade.

E non se trata de revanchismos, senón de reconstruír a nosa memoria histórica pola dignidade do noso país; de rehabilitar institucional, moral, xurídica e persoalmente a todas aquelas persoas fusiladas, paseadas, desterradas, exiladas, represaliadas por defenderen a legalidade democrática e as aspiracións de autogoberno de Galiza.

Porque non pode haber concordia, sen rehabilitación e non podemos mirar ao futuro sen comprender o pasado.

Necesitamos recuperar a historia propia, a do noso pobo, vítima do alzamento militar; a dunha Galiza que en xullo de 1936 quere comezar a construción, non sen resistencias do centralismo español, das súas institucións de autogoberno e á que o golpe militar sume na barbarie e na represión e que dende o monte, as fábricas ou o exilio resiste e non renuncia a ser dona dos seus destinos.

Nesa liña de coñecer-divulgar, de rehabilitar institucionalmente, hai que enmarcar as iniciativas que os deputados e parlamentarios do BNG formularon nas Cortes Españolas e no Parlamento Galego ou a iniciativa da Consellaría de Cultura e Deportes do goberno bipartito declarando o ano 2006 como “Ano da Memoria”.

E, nomeadamente, hai que encadrar o Pleno que hoxe ten lugar. Un acto no que, dende diferentes postulados ideolóxicos, nacionalistas e progresistas poñémomos de acordo para apoiar de forma unánime unha proposta de resolución que deixa sen efecto as inxurias que se verteron contra edís e funcionarios cuxo único delicto foi defender a legalidade vixente e opoñerse

Ao aprobar a moción que agora se somete a votación, ao inaugurar a instalación que dende hoxe preside esta casa de tódolos veciños estamos recoñecendo e rendendo homenaxe a todas esas persoas que aparecen relacionadas na publicación que o Concello ven de editar. Máis tamén aos centos de mulleres e homes, de veciños e veciñas de Fene que fixeron posíbel que vivamos en democracia e Galiza camiñe cara a un estatuto de nación.

Vaia para todos eles e elas esta homenaxe simbolizada neste acto e no voto favorábel do grupo municipal do BNG porque é de xustiza.”

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor doce (12): dos/as señores/as Rivera Arnosó, González Vizoso, Permuy Martínez, Pico Sanmartín, Martínez González, González tomé, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez, Goti Ramil, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: tres (3): das Sras. Blanco Pico, Malvar Fernández e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción dos Grupos Municipais do BNG, PSdeG-PSOE e EU-IU de data 23 de Decembro de 2006 anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé Mª Rivera Amoso.

Asdo.: Pilar Mª Pastor Novo.